

## BECAS 2023-2024

Comunicámosvos os tipo de becas de cara o ano académico 2023-24 e os prazos de cada convocatoria para solicitálas.

Consulta en <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas.html>

### 1. BECAS MEC: BOLSAS XERAIS DE ESTUDOS PARA NIVEIS POSTOBRIGATORIOS

**1ª fase: Presentación de solicitudes.** Prazo do **27 de marzo ata o 17 de maio**.

É importante que os alumnos pidan a bolsa neste prazo aínda que non saiban o que van estudar nin onde nin si van seguir estudando xa que, doutro xeito, non a poderán pedir para o curso 23/24 (os datos académicos son provisionais e en setembro, previsiblemente, poderán acceder de novo á solicitude para modificalos).

**2ª fase: Comprobación de datos, ata o 15 de xullo.**

Desde que termine o prazo de solicitude ata o 15 de xullo, as unidades de tramitación de becas realizarán as **comprobacións económicas**, establecendo un prazo para **modificar os datos académicos** que se indicaran na solicitude.

**3ª fase: Modificación de datos académicos e notificacións de resolucións, ata o 1 de decembro.**

Antes do 1 de decembro, o Ministerio de Educación e FP publicará en sede electrónica o estado de tramitación da solicitude e as resolucións de concesión e denegación de beca, concedendo novos prazos para **alegacións**.

Solicitudes vía web:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050130/ficha/050130-2023.html>

### 2. BECAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)

O prazo de solicitude sairá previsiblemente, coma o ano pasado, a mediados de maio, para alumnado con NEAE debido a:

- discapacidade (>33%) ou trastorno grave de conduta
- trastorno grave da comunicación e da linguaxe
- trastorno do espectro autista
- alta capacidade intelectual

O Tribunal Supremo recoñeceu o acceso ás bolsas e axudas para alumnado con NEAE ao colectivo de **persoas con TDAH** (Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade) sen necesidade de acreditar unha discapacidade do 33%.

A acreditación de TDAH será suficiente para optar a estas axudas sen que sexa necesario engadir un novo apartado, ao estar incluídos estes alumnos no apartado A (1 do artigo 7 do Real Decreto 471/2021: "Alumnado con necesidad específica de apoyo educativo derivada de discapacidad o trastorno grave de conducta").

### 3. SUBSIDIO UNIVERSAL DE 400 EUROS PARA FAMILIAS CON FILLOS CON NEAE.

A convocatoria de **becas 2023/2024** para alumnado con NEAE inclúe unha **axuda universal de 400 euros** para todos o alumnado con necesidades especiais.

O alumnado que teña cumpridos 2 anos, escolarizado en calquera dos niveis educativos non universitarios, que acredite

- discapacidade (>33%) ou trastorno grave de conduta
- trastorno grave da comunicación e da linguaxe
- trastorno do espectro autista (TEA)
- alta capacidade intelectual

poderá optar a este subsidio dotado de 400 euros para cubrir gastos adicionais de carácter xeral.

Este **subsidio extra** non dependerá das rentas das familias nin dos resultados académicos dos estudantes, senón que **se concederá de forma automática** tanto aos matriculados en **centros de Educación Especial** como aos de Educación Ordinaria e **sen prexucio de ser beneficiarios de outras becas**.

#### **Compatibilidades das Becas Ministerio de Educación**

As becas convocadas son incompatibles coas outras da mesma finalidade.